

MEMORIA 2015

Índice de contidos

1. INTRODUCCIÓN: Implicadas no Desenvolvemento

1.1. Misión

1.2. Visión

1.3. Principios e criterios

2. MEMORIA DE ACTIVIDADES

2.1. Cooperación

2.1.1. Contribuír ao empoderamento das mulleres das comunidades do Sur

2.1.1.1. Erradicación do infanticidio feminino en Salem

2.1.1.2. Empoderamento de mulleres en Tiruchy

2.1.1.3. Módulo: Participación política das mulleres

2.1.1.4. Inundacións na India

2.1.2. Afianzar e difundir o modelo de cooperación de Implicadas

2.2. Sustentabilidade

2.2.1. Ter a capacidade de manter con orzamento propio os programas de cooperación, o local, o salario da traballadora e unha acción de activismo

2.2.2. Contar con máis persoas organizadas en estruturas participativas e eficientes dende o punto de vista da xestión

2.3. Activismo

2.3.1. Reactiv-arte

2.3.2. II Noite de Humor Implicado

2.3.3. IV Carreira Solidaria: CORRE CON IMPLICADAS

2.3.4. III Andaina Solidaria: DÁ O PASO

2.3.5. Cambia de papel con Implicadas na UDC

2.3.6. Proxeccións do documental *Cambia de Papel*

2.3.7. Escola Feminista

2.3.8. Exposición: *Os teus ollos, as miñas mans*

2.3.9. Participación no Culturgal 2015

2.4. Comunicación

3. BALANCE ECONÓMICO

4. CONCLUSIÓN

1. INTRODUCCIÓN: IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO

1.1. MISIÓN

Traballar a prol da erradicación da pobreza nas comunidades máis afectadas por ela, máis en concreto no colectivo das mulleres, a través da eliminación das estruturas de opresión Norte-Sur e de xénero e da contribución a unha vida digna para tódalas persoas nun exercicio de corresponsabilidade entre Galicia e as sociedades civís do Sur.

1.2. VISIÓN

Implicadas entende a cooperación ao desenvolvemento como un intercambio coas comunidades coas que traballa que enriquece as dúas partes e que pretende, dende a igualdade e o entendemento, conseguir un cambio a nivel global nos ámbitos do xénero, a sanidade, a educación, os dereitos humanos, a economía e tódolos factores que compoñen o desenvolvemento humano perdurable.

1.3. PRINCIPIOS E CRITERIOS

- Implicadas é unha organización independente, aconfesional e apartidaria.
- Implicadas é unha organización galega comprometida co cambio social no noso país.
- Implicadas fomenta as prácticas democráticas e a toma de decisións conxuntas dentro da súa estrutura interna.
- Implicadas traballa desde o enfoque de xénero a tódolos niveis, o cal implica unha política activa para acadar a superación da discriminación das mulleres e para que a súa voz se escoite no mundo.
- Implicadas cre no dereito dos pobos ao desenvolvemento, tanto a nivel colectivo como individual, e en particular ao desenvolvemento en pé de igualdade dos grupos discriminados, máis en concreto as mulleres, que a pesar de constituírmolos a metade da poboación, seguimos sendo maioría no colectivo das persoas pobres do mundo por razóns de xénero.
- Implicadas é unha organización crítica coa sociedade do primeiro mundo.
- Implicadas traballa en pé de igualdade con organizacións cívicas dos países do Sur que compartan os mesmos principios e criterios xenéricos.
- Implicadas fundamenta nos criterios de sustentabilidade e autoxestión das comunidades as súas intervencións no terreo, de xeito que se lles dea unha resposta axeitada ás necesidades que expresen as comunidades do Sur.
- Implicadas é unha organización de base voluntaria.
- Implicadas non contempla o envío de cooperantes ou voluntariado aos proxectos a menos que as organizacións locais así o requiran ou a menos que sexa dentro de programas de intercambio para coñecer o traballo das contrapartes de persoal de Implicadas.
- Implicadas define como países prioritarios da súa actuación a India polo vínculo inicial eos países menos adiantados segundo a definición das Nacións Unidas.
- Implicadas ten especial interese en traballar naqueles países onde non exista unha tradición de traballo en Galicia, primeiro para evitar duplicar esforzos, segundo para evitar unha concentración que pode ser contraproducente (pénsese na tsunami no sueste asiático, durante a cal a poboación galega tivo que actuar ou a través de Implicadas ou a través de organizacións de fóra de Galicia) e terceiro porque pensamos

que cómpre dar voz a esas comunidades coas que nos unen vínculos de lingua ou emigración e coas que nos ten que unir por forza só o sentido da xustiza.

- Implicadas traballa dende o principio de que a cultura, o coñecemento e os valores dos países do Sur deben ser coñecidos e recoñecidos en Galicia e por iso centra parte do seu traballo en difundir tales cuestións e contrarrestar estereotipos e ideas de superioridade que forman parte da roda da pobreza.
- Implicadas busca sinerxias no Norte e no Sur con outros movementos sociais cos que ten afinidade, máis en especial, o movemento feminista, o sindicalista, os movementos culturais e o ecoloxismo.

2. MEMORIA DE ACTIVIDADES

2.1. COOPERACIÓN

- **2.1.1. Obxectivo 1: Contribuír ao empoderamento das mulleres das comunidades desfavorecidas do Sur e dos seus entornos.**

2.1.1.1. ERRADICACIÓN DO INFANTICIDIO FEMININO EN SALEM

Introdución

O infanticidio feminino é unha forma de violencia extrema contra as mulleres pola cal unha comunidade admite que se asasinan as nenas acabadas de nacer pola baixa consideración social das mulleres. O programa de Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem é unha iniciativa promovida por IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO e a organización támara PEOPLE'S DEVELOPMENT INITIATIVES (PDI) en colaboración con numerosos actores locais (gobierno, feministas, activistas) dende 2007 para tentar poñer fin a esta práctica. O noso programa traballa en catro bloques do distrito de Salem (Omallur, Tharamangalam, Edaipadi e Konganapuram). O **obxectivo xeral** é crear unha sociedade libre de discriminación e violencia de xénero.

Actividades

a) Actividades de apoio ás mulleres embarazadas e ás súas familias

- **Seguimento e asesoramento**
 - Elaboración, por parte das traballadoras do programa, da lista de mulleres embarazadas e identificación das que se atopan en situación de risco: fundamentalmente aquelas que xa teñen unha ou máis fillas.
 - Visita da traballadora de base ás mulleres en situación de risco co obxectivo de establecer un bo nivel de confianza e comezar coas sesións de comunicación interpersonal. Durante este ano 4.333 mulleres embarazadas recibiron este apoio de seguimento personalizado nos distintos bloques do programa.
 - Sesións de comunicación interpersonal co obxectivo de provocar un cambio de actitude nas mulleres e nas súas familias a través do diálogo.
 - Seguimento e comunicación interpersonal durante 18 meses tralo nacemento da crianza, no caso de que se trate dunha nena, para garantir a protección da meniña. Neste período realizáronse 55.016 sesións de comunicación interpersonal.
 - Derivación de 538 mulleres embarazadas aos servizos sanitarios para revisión.

- Identificación daquelas mulleres en situación de risco, afectadas pola presión familiar de ter un varón, que seguirán precisando asesoramento familiar por parte das traballadoras especializadas en apoio psicosocial. Este tipo de asesoramento foi recibido este ano por 794 mulleres.
- Organización de 355 diálogos familiares para tratar a situación conxuntamente con tódolos membros da familia.
- Asesoramento con respecto a aspectos como o control sobre o propio corpo e as decisións sobre a natalidade. Neste período 337 mulleres decidiron tomar medidas anticonceptivas permanentes grazas ao traballo do programa.

Resultados: Nas zonas do proxecto naceron 792 nenas durante este ano, non se rexistrou ningún infanticidio e déronse dúas nenas en adopción. O programa sensibiliza as familias para que as adopcións se fagan sempre pola vía legal, dado que a práctica habitual non é esta. En total 1640 nenas están en seguimento neste momento para garantir o seu benestar e seguridade. O persoal do programa realizou 28786 sesións de seguimento destas nenas e as súas familias.

– ***Centro de apoio ás mulleres***

Durante este ano 33 mulleres achegáronse ao centro de apoio ás mulleres para obter asistencia legal (en casos como herdanzas, violencia de xénero, créditos, sospeita de delito, abandono familiar, etc.) e/ou apoio psicolóxico.

b) Actividades para o cambio nas percepcións e comportamentos de xénero

– ***Grupos de axuda mutua***

Os grupos de axuda mutua (GAM) son asociacións de mulleres, entre 12 e 20, que se reúnen de forma mensual para tratar problemas comúns e para aforrar dos seus propios cartos. Este fondo vaise rotando en créditos que as mulleres mesmas deciden a quen dar, con que interese con que prazos de devolución. Neste ano formáronse 19 grupos novos, o cal supón un total de 147 grupos que integran a 1.764 mulleres. Neste ano aforraron 23.180 euros (1700700 rupias). Levan aforrado 89.713 euros (6582028 rupias) dende o inicio do programa.

Ademais, este ano 32 representantes de 16 grupos recibiron formación para mellorar o seu traballo. Os temas tratados foron, entre outros: formación dun grupo de axuda mutua, directrices das xuntanzas, funcións e responsabilidades das integrantes, aforro e subscripción, contabilidade e documentación.

Por outra banda, as traballadoras de base organizan sesións con grupos, tanto do programa como doutras entidades, para tratar temas de xénero e informar as mulleres sobre os seus dereitos. Neste período participaron nestas xuntanzas 411 mulleres de 31 grupos de aforro.

Por último, o persoal do programa organiza xornadas de reflexión e debate sobre cuestións de xénero nas que pode participar calquera GAM. Neste período 1091 mulleres de 88 grupos asistiron a este tipo de xornadas.

– ***Sensibilización de xénero para homes***

Dende xullo de 2013 lévanse a cabo xornadas formativas para homes. Estas inciden en cuestións de xénero e, máis concretamente, sobre todo o espazo do privado e a necesidade dun cambio de actitudes e comportamentos no doméstico. Durante o ano 2015 seguiron celebrándose 61 sesións de formación nas que participaron 637 homes.

– ***Capacidades para a vida para adolescentes***

Co obxectivo de sensibilizar á mocidade con respecto a cuestións relativas á igualdade de xénero e mellorar as súas capacidades xerais organizouse un curso de capacidades para a vida para adolescentes en diferentes aldeas. Ademais do tema xeral da igualdade de xénero, tratáronse temas como: empatía, resolución de problemas, relacións interpersoais, pensamento crítico, pensamento creativo, comunicación, xestión do estrés e das emocións, autoconhecimento e toma de decisións. Neste ano participaron 612 mozas e 617 mozos (1.229 en total).

– **Clubs de xénero**

Os obxectivos principais dos clubs de xénero son sensibilizar á mocidade sobre cuestións de xénero e conseguir que sexan cidadás e cidadáns sensibilizados. Neste ano 597 mozas e 599 mozos (1196 en total) participaron nos 92 clubs de xénero existentes.

– **Campañas de teatro de rúa**

O teatro de rúa contribúe ao debate e á transformación dos papeis de xénero existentes. O programa conta cun equipo voluntario de 10 mulleres, incluídas as traballadoras do proxecto, que realizan actuacións en lugares públicos das aldeas para difundir mensaxes contra o infanticidio e outros aspectos relativos á igualdade de xénero. Neste ano organizáronse obras en 51 aldeas e chegouse a un público de 7075 persoas.

c) Outras actividades

- **Día nacional da nena** (24.01.2015). Celebrouse cunha conferencia por parte do inspector de policía da comisaría de Pallapati sobre o importante papel das nenas. O acto foi acompañado de mensaxes que falaban da prevención do feticidio e infanticidio.
- **Celebración do 8 de marzo**. Nos actos recoñeceuse o traballo de dúas mozas que traballan activamente como voluntarias de xénero e de oito GAM que tratan de forma moi eficaz distintos aspectos sociais relativos á igualdade de xénero. Ademais, o voluntariado do grupo de teatro representou *Kolusu*, a obra de teatro que se centra na necesidade de erradicar os matrimonios de menores.
- **Conferencia rexional** (Chennai, 6-7.04.2015). Dúas representantes de PDI participaron cunha conferencia sobre “Construír as capacidades para a vida entre adolescentes para rematar co infanticidio feminino: a nosa experiencia” nun obradoiro que tiña como tema “Capacidades para a vida e igualdade de xénero”.

Seguimento e xestión do programa

O programa está suxeito a un sistema de seguimento permanente mediante as xuntanzas periódicas do persoal. De xeito trimestral, o persoal envía os informes técnicos de seguimento a Implicadas, tanto de actividades como económicos.

Durante o ano 2015, ademais, a fundadora e vicepresidenta de IMPLICADAS María Reimóndez visitou os proxectos para realizar unha avaliación do traballo e impartir xornadas de formación sobre impulso de negocios entre mulleres de GAM.

Tras varias xuntanzas co persoal puxéronse de manifesto importantes aspectos:

- Excelente traballo por parte do equipo, a pesar de que as transferencia de Implicadas a PDI foron retidas polo goberno central da India e non chegaron aínda ao seu destino.
- Mudanzas moi significativas nas actitudes da comunidade.
- Necesidade dunha documentación máis sistemática das actividades dos GAM.

- Conveniencia de transferir-lles o seguimento de mulleres embarazadas e nenas nadas ás mulleres dos GAM.
- Necesidade de que os GAM aumenten a súa autosuficiencia no trato coas autoridades locais.
- Constatación do potencial que presentan os homes sensibilizados como actores activos para traballar cos GAM en situacións complicadas, en particular casos de violencia de xénero.

Finalmente decidiuse traballar un ano máis para afianzar todos estes aspectos, conseguir maior autosuficiencia dos GAM, federalos antes de decembro de 2016 e avanzar a outros bloques no ano seguinte.

Orzamento

Durante este ano produciuse no entanto un evento que supuxo unha importante desestabilización tanto para este programa como para o programa de Erradicación do Infanticidio Feminino: a retención de 8.000 euros por parte do goberno indio, cantidade que aínda está por ingresarse.

2.1.1.2. EMPODERAMENTO DAS MULLERES EN TIRUCHY II (WEP II)

Introdución

O obxectivo deste programa é contribuír á erradicación da pobreza en cinco suburbios e en cinco aldeas seleccionadas do distrito de Tiruchirapalli a través do empoderamento das mulleres desde unha perspectiva económica, social, política e de xénero. En 2013 deuse por concluída con éxito unha primeira intervención do proxecto e planificouse unha segunda fase do traballo, seguindo a mesma estrutura e filosofía pero en cinco aldeas e cinco suburbios novos, nos que se traballará nos próximos catro anos cunha poboación de 16.514 persoas (8364 mulleres e 8150 homes). Os suburbios son Mudukkupatty, Andakondan, Samathuvanagar, Ramachandranagar e Kuppankulam; as aldeas son Karaipatty, Karumalai, Ammachatrapudur, Aalampatty e Adaikampatty.

A previsión para este ano 2015 (o segundo desta segunda intervención) incluía levar a cabo as mesmas actividades ca no ano anterior. Deste xeito, o programa levou a cabo actividades para a mellora da situación económica, educativa, sanitaria e de dereitos das mulleres, ademais de incidir na sensibilización de xénero de toda a comunidade. Alén disto, entre o segundo e terceiro ano rematará o proceso de identificar e formar o voluntariado de xénero e o voluntariado de saúde comunitaria. Crearanse, por outra banda, clubs para a mocidade e os GAM poranse en contacto cos bancos para recibir apoio financeiro.

Actividades

1) Empoderamento de mulleres e sensibilización de xénero

– Orientación para os GAM

Durante este ano organizáronse catro programas de orientación aos que asistiron 67 mulleres. Nesta actividade recibiron información sobre a formación dos grupos de axuda mutua (GAM), o proceso de apertura e mantemento dunha conta bancaria, a escolla das representantes, etc.

– **Formación de GAM**

Neste ano formáronse 13 grupos de axuda mutua novos (6 en zona urbana e 7 en zona rural) cunha base de 182 mulleres. Todos eles abriron a súa conta bancaria. En total, o programa formou 23 GAM nos que participan 307 mulleres cun aforro total de 6470 € (475.800 rupias). Ademais, os bancos distribuíron uns 930 euros (70.000 rupias) entre diferentes grupos.

– **Formación sobre contabilidade para os GAM**

Estas formacións céntranse en como levar a contabilidade dos grupos. Durante este ano organizáronse dúas na zona rural nas que participaron 27 mulleres.

– **Día Internacional da Muller (8 de marzo)**

A celebración tivo lugar en Tiruchy e no seu programa participaron unhas 600 integrantes de GAM. Realizouse unha manifestación encabezada pola Dra. V. Sujatha, directora do Cauvery College. Nos actos participaron ademais a Dra. Z. Annie Vijaya, superintendente da policía do ferrocarril, como convidada especial, a señora Thenmozhi, directora de facenda, e a Dra. Charmila, do Adithi Hospitals. Fóronlles entregados os seus certificados ao voluntariado de xénero e aos mellores GAM, así como ás asistentes aos cursos de costura organizados polo programa.

– **Celebración do 25 de novembro**

Neste celebración, organizada conxuntamente cos servizos legais do distrito, participaron unhas 72 mulleres dos suburbios do programa. A xuíza Jesintha Martin presidiu os eventos acompañada das adxuntas Malathi e Karthika. O secretario dos servizos legais do distrito e xuíz Parthasarathy inaugurou o acto. A coordinadora do centro de atención ás mulleres, Jai Baby, fixo unha presentación do centro de atención ás mulleres e aclarou a importancia do día. Pechou o acto Jesintha, a coordinadora do programa.

– **Rexistro de traballadoras do sector informal**

As traballadoras do sector informal dos suburbios recibiron motivación para entrar na xunta de protección de traballadoras e traballadores do sector informal. Isto permitiralles acceder aos programas de apoio do goberno. En total, 49 persoas se integraron e conseguiron o carné.

– **Sensibilización de xénero para mulleres**

Neste período organizáronse seis xuntanzas de sensibilización de xénero en Mudukkupatty, Andakondan, Karumalai, Kupankulam e Karaipatty. En total asistiron 129 mulleres para falar de igualdade de xénero.

Ademais realizáronse 6 sesións coordinadas polo centro de atención ás mulleres sobre aspectos legais. En total 97 mulleres recibiron información sobre a chamada lei contra a violencia doméstica, a importancia dos certificados de nacemento e defunción, o dereito civil, etc.

Igualmente este ano se impartiu un curso de sensibilización para mozas en Kurumalai, ao que asistiron 28 rapazas, sobre prevención de abusos sexuais, autoprotección e recursos en situacións de perigo.

– **Campamento legal**

Coa axuda dos servizos da autoridade legal do distrito, organizáronse este ano sete campamentos legais de sensibilización, nos que participaron un total de 267 mulleres. Parthasarathy, xuíz adxunto, e diversos avogados e avogadas dos servizos legais do distrito

facilitaron os campamento e explicaron cuestións relativas aos dereitos básicos das mulleres, a importancia do certificado de nacemento e defunción, a importancia de rexistrar os matrimonios, a chamada lei de violencia doméstica, a adopción legal, a lei de protección da infancia, etc.

2) Centro de atención ás mulleres

Durante 2015 a maioría das mulleres que se achegaron ao centro fixérono por cuestións relativas a dereitos no matrimonio e por cuestións de violencia de xénero dentro da familia. En total, o centro ofreceu os seus servizos a 44 mulleres que puido identificar por diversas vías, mentres que 16 máis foron derivadas ao servizo de asistencia legal do distrito e 4 á comisaría de mulleres de Thiruverumbur, Cantonment e Ponmalai. Oito mulleres están actualmente en seguimento.

3) Actividades educativas

– Clases de apoio

Esta actividade ten como obxectivo axudar as crianzas a mellorar a súa aprendizaxe na escola formal e tamén ofrecerlles ás nenas un ambiente no que poder aprender e aclarar as súas dúbidas de clase. As clases de apoio organízanse polas tardes e son impartidas polas animadoras. Agárdase que ao final do proxecto pasen por estas clases 300 crianzas, a metade como mínimo, nenas. Durante este ano asistiron 251 (146 nenas e 105 nenos).

– Campamento de verán

Os días 21 a 23 de maio organizouse un campamento de verán para o alumnado das clases de apoio, ao que asistiron 96 crianzas (36 nenas e 40 nenos). Entre as actividades do campamento incluíase o ioga, o debuxo, as manualidades, a olería, a pintura en area, o bordado, etc. Ademais as nenas e nenos que sacaron as mellores notas nas reválidas recibiron un recoñecemento.

– Outras actividades de apoio

Neste período organizouse un programa para o alumnado das clases de apoio no que participaron 42 crianzas de Mudkkupatty e no que o señor Mohan, da Federación ambiental de Támil Nadu, falou do “ser humano e o medio”.

Ademais, na zona rural do proxecto, celebrouse o Día Mundial da Auga cun evento no que participaron 92 crianzas. Proxectouse un vídeo sobre a importancia da auga cos seguintes contidos: uso correcto da auga, hixiene persoal, importancia de usar a latrina, hixiene corporal, manexo da auga e enfermidades provocadas pola auga.

– Alfabetización para persoas adultas

Estas clases de alfabetización ofrécenlles ás persoas dos suburbios e do rural a oportunidade de aprender a escribir e a ler en támara. Neste período participaron 30 mulleres e 2 homes. Nestas clases aprenden a escribir o seu nome e palabras simples.

– Xuntanzas de familias e profesorado

Nas diferentes zonas convócanse xuntanzas entre as familias e o profesorado para implicar estas últimas no programa de apoio educativo. Neste período organizáronse 75 xuntanzas ás que asistiron 302 homes e 1.466 mulleres.

4) Actividades sanitarias

A estratexia de promoción da saúde entre as mulleres considérase un aspecto fundamental do seu empoderamento e céntrase na mellora da súa calidade de vida e no aumento da súa autonomía.

– Atención pre e post natal

A través de sesións de comunicación interpersoal, levadas a cabo polo persoal do proxecto, motivábase as mulleres embarazadas ou que acaban de parir para que vaian a revisións médicas e sigan a vacinación. Neste período 108 mulleres embarazadas e 174 que acababan de parir recibiron a visita das traballadoras e seguiron os patróns de vacinación.

Ademais destas sesións interpersoais, organizáronse dúas xornadas de sensibilización sobre atención pre e post natal, na que participaron 22 mulleres, 12 na zona urbana e 10 na rural.

– Voluntariado sanitario

O voluntariado sanitario traballa coas animadoras para derivar persoas enfermas a centros de saúde próximos e axudan a que o equipo organice campamentos e campañas sanitarias. Neste ano fixéronse dúas formacións, de dous días cada unha, nas que se trataron temas como saúde pre e post natal, derivación e vacinación, enfermidades infecciosas, etc.

– Campos sanitarios

Como medidas sanitarias de tipo paliativo, o programa pon en marcha campos sanitarios sobre temas concretos onde pacientes poden recibir atención sanitaria por parte de profesionais da medicina. Neste ano organizáronse os seguintes campos sanitarios:

- Un campo de saúde xeral no que se atendeu a 112 mulleres, 44 homes, 34 nenas e 38 nenos. Ademais 37 persoas foron derivadas para diferentes tratamentos ao hospital gobernamental.
- Un campo de saúde xeral que recibiu a 58 mulleres, 44 homes, 30 nenas e 38 nenos. Destas persoas, 17 foron derivadas ao hospital.
- Un campo de saúde dental ao que asistiron 50 mulleres e 19 homes. Destas persoas, 35 foron derivadas ao hospital.

– Programa de sensibilización sobre tuberculose

Neste período organizáronse 17 xuntanzas de sensibilización sobre tuberculose na zona rural. As persoas participantes coñeceron as vías de transmisión de tuberculose, causas e efectos, centros de referencia, uso de DOTS, etc.

Ademais, durante o día da muller, organizouse no suburbio de Mudukkupatty unha sesión sobre a tuberculose á que asistiron 59 mulleres.

– Saúde menstrual

Durante este ano, organizáronse nas aldeas sete programas de hixiene menstrual para mozas, centrados en diferentes aspectos da saúde menstrual, uso de compresas, etc. En total participaron 152 mulleres e mozas.

– Sensibilización sobre VIH e SIDA

Durante o período do informe realizáronse dous programas de sensibilización sobre o VIH/SIDA aos que asistiron 53 mulleres. Entre outras cousas, explicouse qué é o VIH, cómo se transmite, cáles son as medidas preventivas e cómo se pode detectar.

– **Prevenção do cancro**

Durante o período do estudo organizáronse tres programas de prevención do cancro aos que asistiron 114 mulleres. Entre outras cousas, explicáronse os tipos de cancro así coma os seus síntomas, causas e posibles tratamentos.

– **Planificación familiar**

No período deste informe 16 mulleres recibiron apoio para adoptar métodos definitivos de planificación familiar.

– **Persoas con discapacidade física**

Neste período un rapaz de 12 anos foi derivado ao centro de rehabilitación do distrito para persoas con discapacidade, onde recibiu o seu carné de identificación. Ademais solicitouse a súa tarxeta gratuíta de transporte.

Orzamento

O programa foi financiado cos fondos das cotas de socias e socios de Implicadas. Durante este ano produciuse no entanto un evento que supuxo unha importante desestabilización tanto para este programa como para o programa de Erradicación do Infanticidio Feminino: a retención de 8.000 euros por parte do goberno indio, cantidade que aínda está por ingresarse.

2.1.1.3. MÓDULO PARA A EMANCIPACIÓN SOCIAL E PARTICIPACIÓN POLÍTICA DAS MULLERES

Características xerais

O módulo, levado a cabo en colaboración con PDI, intégrase no Programa de Empoderamento das Mulleres en Tiruchy II e polo tanto non é unha intervención en solitario senón integrada no resto de accións deste programa.

As actividades do proxecto leváronse a cabo nas 10 aldeas seleccionadas do distrito de Tiruchirapalli. O proxecto organizou actividades de sensibilización de xénero, formou clubs de xénero, realizou representacións de teatro de rúa, impartiu formación tanto sobre participación política das mulleres como de capacitación laboral.

Actividades

• **Sensibilización de xénero**

Sensibilización a través xuntanzas de mulleres:

O persoal recibiu unha formación sobre xénero e mulleres na política para comezar co programa de sensibilización en todas as aldeas. O persoal e as mulleres dos GAM buscan un lugar central e durante tres horas traballan a sensibilización con choiva de ideas, traballo en grupo e debates. Ao remate das sesións chegan elas mesmas a conclusións e definen os pasos que tomar para o cambio. Dende decembro de 2014 a maio de 2015 organizáronse 33 xuntanzas ás que asistiron 1172 mulleres.

Ademais realizáronse xuntanzas específicas para falar das mulleres e a política, centradas no sistema de política formal, as medidas de cotas na administración local do 33% de postos para mulleres e a necesidade de que as mulleres participen con pleno dereito nas institucións formais. Esta actividade chegou a 604 mulleres máis.

Sensibilización de xénero para homes:

Este proxecto traballa implicando os homes na igualdade de xénero e no cambio de estruturas que permitan que as mulleres participen na política. Maila á pouco disposición

xeral do grupo destinatario, o proxecto organizou 15 xuntanzas nas que participaron 294 homes. Non se acadou o número de asistentes que se establecera como indicador (450 homes).

Sensibilización da mocidade:

Foron organizados clubs de xénero para mozas e mozos de entre 14 e 25 anos motivados para traballar en contra da desigualdade neste ámbito. Os mozos que asisten ao programa afirman que cambiaron a súa actitude cara ás mozas e que o programa lles deu a oportunidade de entender mellor as estruturas e papeis de xénero para poder cambiar. O proxecto cumpriu co indicador previsto (173 mozas e 128 mozos, co indicador de 150 mozas e 150 mozos, en total 300),

Teatro de rúa:

As representacións de teatro de rúa comezaron no mes de xaneiro de 2015. En total realizáronse 24 representacións de rúa ás que asistiron 1861 persoas, o cal supera o número previsto (1.600). Ademais, cinco novas persoas integráronse no curso de teatro.

Clubs de xénero entre a mocidade:

O proxecto planificou a creación de clubs de xénero para implicar a mocidade das aldeas na promoción da igualdade de xénero e para sensibilizar a xente moza sobre o papel das mulleres no espazo público. Neste momento hai clubs de xénero en todas as aldeas, nos que participan mozas e mozos entre os 14 e os 25 anos.

- **Creación de empresas por mulleres**

Cursos de capacitación laboral:

O Programa de Empoderamento das Mulleres identificara xa mulleres interesadas en aprender capacitación laboral e abrir os seus negocios. Este módulo axuda a reforzar esta actividade dando opcións a un maior número de mulleres tanto de formarse como de acceder a fondo rotatorio. O proxecto organizou os 10 cursos previstos nos que participaron 174 mulleres, por enriba do obxectivo previsto de 120. Os cursos organizados e o número de asistentes a cada un deles especificanse a continuación: corte e confección (25 asistentes), deseño de saris (17), fabricación de compresas (1º curso: 18; 2º curso: 20), fabricación de bolsos (15), bixutería (17), produtos de limpeza (19), bordado de saris (21) e preparación de incienso (22).

- **Programa de xeración de ingresos**

O proxecto inclúe un fondo rotatorio para apoiar as mulleres que reciben formación á hora de botar a andar os seus negocios. Maila os moitos esforzos de sensibilización por parte do persoal, só se puido chegar a 10 mulleres ao final do proxecto fronte ás 50 previstas. Dado que na actividade anterior se superara a cifra prevista de mulleres, o número de mulleres ao que chegou esta actividade en total supera o 100 %. O fondo foi distribuído na súa totalidade entre as solicitantes.

- **Formación para aumentar a participación política das mulleres**

Voluntariado de xénero:

Tras cada xuntanza de sensibilización de xénero o persoal fala coas e cos participantes para recoller as súas impresións e coñecer a súa dispoñibilidade para traballar como voluntariado de xénero na súa aldea. Estas voluntarias e voluntarios das aldeas recibiron formación posterior de dous días especificamente centrada na participación política das mulleres. En total formáronse neste sentido 165 voluntarias potenciais.

Capacitación de consellos de aldea:

Estes consellos son organismos políticos non formais que implican a participación das mulleres nos asuntos comunitarios das aldeas e que teñen como obxectivo xestionar de forma democrática e comunitaria todas as cuestións que as integrantes dos GAM consideren. Actualmente existen 5 consellos de aldea formados polo programa WEP na zona do proxecto, cada un dos cales conta con 12 representantes de GAM (en total 60 mulleres).

Valoración

- O proxecto iniciouse sen atrancos co apoio da comunidade local e como parte das intervencións do Programa de Empoderamento de Mulleres.
- As mulleres dos GAM e outras persoas voluntarias ofreceron gran apoio ao persoal para levar adiante as actividades do proxecto.
- Todas as actividades se desenvolveron con normalidade antes do remate do proxecto en novembro de 2015 grazas á cooperación da comunidade e outras entidades locais.
- Cando se ofrecece a plataforma axeitada e se complementa con elementos de desenvolvemento socio económico, as mulleres das aldeas teñen capacidade para saír dos papeis patriarcais dados.
- A mocidade amosou tamén unha actitude moi positiva ante as actividades do proxecto, establecen debates abertamente e teñen gran interese tanto na promoción dos clubs de xénero coma no traballo de voluntariado entre iguais vinculado a estes.
- As mulleres tiveron a oportunidade de adquirir capacidades laborais que lles interesaban.
- A maior dificultade atopouse na organización dos programas de sensibilización para os homes, que seguen amosando actitudes negativas cara ao cambio. O persoal do proxecto segue porfiando e aposta por accións a nivel individual para aumentar a participación.
- En xeral os resultados e indicadores vinculados a estes amosan que o proxecto tivo o impacto agardado na comunidade.

2.1.1.4. CHAMAMENTO: DOAZÓN DE URXENCIA TRALAS INUNDACIÓNS EN TÁMIL NADU

Durante o mes de novembro o estado de Támara Nadu padeceu fortes inundacións debido a un monzón nororiental de inusual forza. Os efectos das inundacións están limitados aos distritos de Chennai, Thiruvallur, Kanchipuram e Cudallore. Aínda que ningún dos programas de Implicadas se viu afectado, a nosa organización compañeira PDI achegouse a Cudallore en decembro e distribuíu alimentos coa axuda de persoal médico en Vilava Nagar, un dos suburbios deste distrito. Tras esta visita, PDI enviou unha solicitude de axuda para distribuír materiais entre 85 familia deste suburbio que perderon as súas casas e precisan apoio mentres non baixa a auga e poden comezar a reconstruír as súas vidas. Segundo as necesidades avaliadas, PDI propón distribuír a todas as familias potas, vasos, pratos e recipientes para comida. A cantidade precisa para as 85 familias son 2.313 euros (27 euros por familia aproximadamente).

En Implicadas, como compañeiras do pobo támara dende hai moitos anos, pensamos que é tamén hora de estar a carón das persoas afectadas e en particular da nosa organización compañeira PDI. Por iso, enviamos diferentes comunicados a través de diferentes vías animando a facer doazóns e conseguimos recadar 1074,00 euros.

➤ **2.1.2. Obxectivo 2: Afianzar e difundir o modelo de cooperación de IMPLICADAS.**

Na actualidade, IMPLICADAS conta cunha persoa contratada a tempo parcial (6 horas) que desenvolve as funcións de secretaría técnica. Pola súa banda, a xunta directiva, formada por persoas voluntarias, é o órgano que desenvolve as funcións directivas e supervisa a actividade da organización. Correspóndelle, pois, consolidar a organización tanto a nivel interno coma externo.

Durante o ano 2015, co obxectivo de sistematizar o modelo de cooperación de IMPLICADAS, a organización preparou unha viaxe á India para que as integrantes da xunta directiva puidesen formarse e coñecer de primeira man os programas.

Así, durante a estada anual en Tamil Nadu de María Reimóndez, coordinadora dos programas de cooperación, varias integrantes da xunta directiva (Naiara González e Manuela Vázquez), una voluntaria (Noelia Darriba) e a secretaria técnica (Rosa Villaronga) visitaron con ela a zona. Ademais de visitar Tiruchy e Salem, onde se levan a cabo os dous programas de cooperación vixentes (Empoderamento de Mulleres II e Erradicación do Infanticidio Feminino respectivamente), tamén se desprazaron ata Karaikal para reunirse coas integrantes da Federación dos GAM da zona. O financiamento destas viaxes correu a cargo das propias persoas.

2.2. SUSTENTABILIDADE

Obxectivo: Ser unha organización totalmente autoxestionada.

➤ **2.2.1. Resultado 1: Ter a capacidade de manter con orzamento propio os programas de cooperación, o local, o salario da traballadora e unha acción de activismo**

2.2.1.1. CAMPAÑAS ADICADAS A AUMENTAR A BASE ASOCIATIVA

Establecíase na planificación de 2015 o obxectivo de conseguir 25 novas persoas socias durante todo o ano e aumentar así a base asociativa en número con respecto ao 2014. Este obxectivo non se cumpriu.

Durante este ano houbo un total de 10 altas e 14 baixas. A base asociativa que rexistra Implicadas ao remate de 2015 é de 180 persoas en total, 4 menos que en 2014.

Co obxectivo de captar novas socias e activistas, IMPLICADAS presentou á convocatoria da Dirección Xeral de Cooperación e Relacións Exteriores un proxecto de fortalecemento. A chave desta nova campaña de captación, que seguirá activa durante 2016, radica nas novas tecnoloxías e céntrase no deseño dunha APP para teléfonos Android e IOS. Na propia APP están presentes tres aspectos fundamentais:

- SUMA FONDOS (dirixido a captar novas socias). Inclúe catro vídeos (*Violencia de xénero, Grupos de Axuda Mutua, Empoderamento económico e Suma fondos*) nos que aparece unha pestana (“faite socia”) cun formulario no que hai que introducir algúns datos persoais (nome e correo electrónico), así como mensaxes ou consultas. Unha vez enviado, será recibido pola secretaria de Implicadas, que se porá en contacto coa persoa remitente.
- SUMA TEMPO (dirixido a captar novas activistas). Aparecen 4 vídeos (*Formación de activistas, Visitas do Sur, Escola Feminista e Suma Tempo*) nos que aparece unha pestana (“faite activista”) cun formulario no que hai que introducir algúns datos persoais (nome e correo electrónico), así como mensaxes ou consultas. Unha vez enviado, será recibido

pola coordinadora de activistas de Implicadas, que se porá en contacto coa persoa remitente.

- SUMA COÑECEMENTO. Trátase dun xogo semellante ao Trivial con 100 preguntas que versan sobre os seguintes temas: cooperación, Implicadas, PDI e feminismo.

Ademais, na mesma aplicación aparece unha pestana “Implicadas no Desenvolvemento” que leva directamente á páxina de Implicadas.

A posta a punto da aplicación (realización das preguntas e respostas de SUMA COÑECEMENTO, gravación dos vídeos de SUMA FONDOS e SUMA TEMPO, etc.) efectuouse nos últimos meses do 2015. A aplicación lanzarase durante o mes de xaneiro de 2016.

2.2.1.2. DIVERSIFICACIÓN DAS FONTES DE FINANCIAMENTO

Durante o ano 2015 Implicadas centrouse en determinadas fontes de financiamento que complementarían os ingresos recibidos a través da cotas das socias, a súa principal fonte de ingresos. As fontes de ingresos complementarias durante este ano foron as seguintes:

- Colaboracións con empresas ou profesionais, sobre todo no que respecta á contribución por parte destas entidades con produtos ou servizos a diversas actividades (IV Carreira Solidaria CORRE CON IMPLICADAS, X festival IMPLÍCATE e III Andaina Solidaria DÁ O PASO).
- Grupo de *teaming* CAMBIA DE PAPEL CON IMPLICADAS. A finais de 2015 contamos con 11 teamers que contribúen cun euro ao mes ao proxecto de Erradicación do Infanticidio en Salem, cinco das cales son de incorporación recente. Ademais, o grupo doou 140 euros durante este ano: 44 euros en xaneiro e 96 en decembro.
- Convocatorias públicas:

Durante o 2015 Implicadas presentou na Dirección Xeral de Cooperación e Relacións Exteriores da Xunta dous proxectos, un de fortalecemento (“SUMA coñecementos, fondos e tempo”, *vid.* 2.1.) e outro de educación para o desenvolvemento (“Comunicación feminista para o desenvolvemento”). Unicamente o primeiro deles conseguiu fondos nesta convocatoria. Velaquí os detalles do proxecto:

- Inicio do proxecto: 1 de outubro de 2015
- Fin do proxecto: 31 de outubro de 2016
- Orzamento total: 31.572,36€
- Axuda concedida total: 24.997,36€
- Axuda concedida para o ano 2015: 9.998,80€
- Axuda concedida para o ano 2016: 14.998,56€

Tamén durante o 2015 foron presentados con éxito dous proxectos a dúas convocatorias de insitucións universitarias respectivamente. O proxecto "Cambia de papel con Implicadas na UDC" (*vid.* 2.3.5) acadou apoio económico por parte da Universidade da Coruña, mentres que o proxecto da Escola Feminista (*vid.* 2.3.6) foi aceptado na convocatoria para subvencións por parte da Universidade de Vigo.

- Cestas solidarias.

Leváronse ao cabo dous sorteos de cestas durante este ano 2015:

- O sorteo da **Cesta Solidaria do grupo da Coruña** realizouse coincidindo co sorteo da Lotería Nacional do día 4 de abril. A composición da cesta era a seguinte: un lote de marmeladas “As Camposeiras”; unha sesión de pedicura en “No te las

muerdas"; unha sesión de masaxe aiurvédica con Piero Piga; unha noite na Casa Rural Fraga do Eume; unha carteira de Trapalladas Artesanía Enxebre; unha comida para dúas persoas na Taberna Vexetariana Gaia; un incensario de "Volta&Revolta"; un lote de comida ecolóxica de "Horta + Sá" e outro de "La Aldea Biomarket"; un lote de libros de María Reimóndez e un lote de "Pepa, ideas en fío". Vendéronse un total de 530 rifas.

- **Sorteo da I Cesta Solidaria de Nadal** realíuse coincidindo co sorteo da ONCE do día 4 de xaneiro de 2016. A cesta estaba composta por: unha agenda de 2016, un exemplar do documental "Cambia de Papel", un libro "Vanakkam", unha sesión de masaxe aiurvédica con Piero Piga e un CD Reactiv-Arte. Vendéronse un total de 713 rifas.

- Celebración de actividades no local de IMPLICADAS para crear fluxo de persoas e fondos.

A pesar de que non se prevían accións neste sentido, realizouse obradoiro de escrita no local de Implicadas cando nos visitou a poeta támara Thamizhachi.

➤ **2.2.2. Resultado 2: Contar con máis persoas organizadas en estruturas participativas e eficientes dende o punto de vista da xestión**

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO só conta cunha traballadora contratada a tempo parcial, polo que é a rede de activistas a que sustenta a base do traballo da organización. Tódalas actividades que lle son propias á organización dependen, efectivamente, do traballo voluntario realizado ao longo de todo o territorio galego.

2.2.2.1. Descrición da rede de activistas en Galicia

No que respecta ao activismo presencial e despois da reactivación en xuño do grupo de Compostela, Implicadas conta con equipos de voluntariado nas seguintes cidades:

- A Coruña (5 integrantes)
- A Estrada (4 integrantes)
- Compostela (3 integrantes)

Alén disto, un grupo está en proceso de creación en Pontevedra.

No tocante aos grupos virtuais, contamos a finais de 2015 cun total de 31 persoas inscritas como activistas:

- Equipo de tradución, formado por 12 persoas, todas elas estudantes ou profesionais de Tradución e Interpretación.
- Equipo de prensa, constituído por 2 persoas relacionadas co mundo da publicidade e do xornalismo.
- Grupo de deseño e audiovisuais, formado por 8 persoas relacionadas coa comunicación audiovisual.
- Grupo de documentos, integrado por 7 persoas que realizan documentación interna e externa da organización.
- Grupo de redes sociais, web e boletín, constituído por 2 persoas.

Ás persoas que forman os grupos virtuais e os equipos presenciais hai que sumarles as persoas da Xunta Directiva que ocupan cargos como Presidencia, Vicepresidencia,

Tesourería, Secretaría e Coordinación de Voluntariado. A finais de decembro de 2015 IMPLICADAS conta cun total de 48 persoas voluntarias.

2.2.2.2. Accións para aumentar a rede de activistas

Durante o ano 2015 cursáronse un total de 7 baixas e 6 altas de activistas. Co fin de captar máis persoas para aumentar a rede de activismo, durante o ano 2015 leváronse a cabo as seguintes actuacións específicas:

- Presentación de Implicadas e do seu traballo dentro das Xornadas de Educación Social e Xénero, organizadas por *Fiadeiras* na Universidade da Coruña. Celebráronse o 9 de abril e participaron arredor de 70 estudantes de Educación Social.
- Anuncio de convocatoria aberta para os grupos presenciais nas plataformas *hacesfalta.org* e *voluntariadogalego.org* nos meses de xaneiro e decembro.
- Anuncio nas redes sociais e na web de Implicadas.

Ao longo do 2015 recibíronse 22 solicitudes de información sobre activismo na entidade a través de correo electrónico, 2 a través do Culturgal e 5 a través de actividades dos grupos.

2.2.2.3. Accións para fortalecer a estabilidade da rede de activistas

Dentro deste obxectivo estaban planificadas para o ano 2015 varias accións, entre elas, a de recuperar a figura de coordinadora de voluntariado. A partir do mes de xuño incorporouse progresivamente ao posto unha das integrantes da Xunta Directiva.

Ademais disto, no mes de novembro comezouse un proceso de revisión e reorganización da área que incluíu ata o de agora as seguintes actuacións:

- Contacto coas persoas coordinadoras dos grupos virtuais para poder actualizar o rexistro de voluntariado, recadar fichas de inscrición e coñecer a súa disposición para realizar cambios no funcionamento interno dos grupos.
- Revisión dos procesos internos de altas e baixas das persoas dentro dos grupos, así como dos procesos de incorporación e acompañamento de novas coordinadoras dos grupos locais, e elaboración dun documento con propostas de modificación para facelos máis efectivos.
- Elaboración dun documento base e unha carpeta que recolla tódolos elementos precisos para desenvolver o posto de coordinadora de grupo local.

Outra das accións planificadas para aumentar a estabilidade das redes de activistas foi a de realizar máis actividades con contido social e lúdico nos grupos, co fin de promover a cohesión grupal e a vinculación coa organización. As actuacións realizadas con esta finalidade foron as seguintes:

- Celebración de dúas ceas co grupo da Coruña durante as visitas de I. Ambalavanan (23 de outubro) e Aniruddhan Vasudevan (3 de xuño). A elas acudiron 3 e 4 activistas respectivamente.
- Celebración da I Parva Solidaria de Nadal (19 de decembro, Hotel Costavella de Santiago de Compostela). O seu obxectivo foi o de promover un encontro entre as activistas, socias e persoas achegadas a Implicadas. A ela acudiron 4 persoas activistas.
- Organización de actividades motivacionais e de cohesión grupal. Tiveron lugar en setembro, no marco da formación realizada en Vilaboa e, en concreto, dentro da sesión sobre “Dinámicas motivacionais: creando sinerxias” (*vid. infra*).

2.2.2.4. Formación

En canto á formación das persoas activistas, durante o ano 2015 planificáronse tres xornadas de traballo:

- Formación sobre Planificación Estratéxica 2015-2020 (Local Vigo: 8 de marzo)
Tratouse dunha formación dirixida a repasar e darlle forma ao traballado nas anteriores sesións de Planificación Estratéxica (P.E.), así como á elaboración da parte económica. Celebrouse no local de Vigo, tivo unha duración de catro horas e a ela acudiron cinco persoas activistas e a secretaria técnica.
- Xornada formativa de profundización sobre o propio funcionamento interno da entidade e sobre a campaña SUMA (Vilaboa, *Casa da Xesta*: 5 - 6 de setembro)

O programa da formación, á que acudiu un total de sete persoas, foi o seguinte:

- Sábado:
 - 10:00-14:00- Coñecendo a fondo Implicadas
 - 15:30-17:00- Dinámicas motivacionais: creando sinerxias
 - 17:30-20:00- Prácticas de activismo en Implicadas
- Domingo:
 - 9:30-13:30- Proxecto SUMA
- Xornada formativa sobre os GAM (24 - 25 de outubro)
Coincidindo coa Andaina Solidaria e coa participación de I. Ambalavanan, director de PDI, estaba previsto realizar unha formación dun día completo sobre os Grupos de Axuda Mutua. No entanto, dada a escasa participación das persoas activistas nesta actividade, a formación limitouse a un visionado do documental *Cambia de Papel* e unha charla posterior sobre os GAM. A esta charla acudiron en total cinco activistas.

Así mesmo, os grupos activos continuaron a desenvolver as formacións internas durante as súas xuntanzas mensuais de grupo, nas que se tratan diversos temas (misión e visión de IMPLICADAS, proxectos, enfoque de xénero, etc.). Nestas xuntanzas, que foron valoradas moi positivamente polas persoas asistentes, acádase un maior coñecemento da organización, mellóranse as habilidades comunicativas e refórzase a cohesión interna do grupo.

2.2.2.5. Valoración

A área de activistas de IMPLICADAS atópase agora mesmo nun proceso de reorganización moi necesario que continuará durante o 2016. A falta dunha figura de coordinadora durante case un ano afectou en grande medida aos obxectivos propostos.

Con todo, realizáronse case tódalas accións programadas nesta área.

Durante o 2015 mantense a participación das mesmas activistas nos dous grupos presenciais que xa estaban activos no 2014 (A Estrada e A Coruña) e prodúcese mesmo varias altas. No entanto, o número de actividades realizadas (unha ou dúas por grupo) así coma de reunións (menos da metade das establecidas) indican eivas no funcionamento dos grupos e na motivación das activistas.

2.3. ACTIVISMO

- **Obxectivo: Fomentar a participación crítica e feminista da cidadanía na transformación das desigualdades Norte-Sur.**

2.3.1. REACTIV-ARTE

Trátase dun proxecto de educación para o desenvolvemento que, mediante a posta en marcha de varias actividades, ten coma obxectivo a xeración de procesos de participación e acción cidadá para reafirmar o vínculo entre desenvolvemento, xustiza e equidade.

As actividades desenvolvidas no marco do proxecto Reactiv-Arte foron as seguintes:

- **Axenda do desenvolvemento 2015:** Unha vez máis púxose á venda una nova edición desta axenda, obxecto útil e de doada integración na vida cotiá das persoas. A temática deste ano foi a colaboración que, durante 10 anos, artistas de toda Galicia procedentes de diversas disciplinas veñen realizando a través do Festival Implícate.
- **CD Reactiv-Arte:** Coa grabación e difusión deste CD de música preténdese potenciar unha rede de artistas e crear unha conciencia crítica na sociedade galega, dende a perspectiva das mulleres, tratando de visibilizar o seu labor no desenvolvemento, especialmente nos países do Sur. No CD participaron diferentes artistas como Mercedes Peón, Xabier Díaz, Uxía, Iria Piñeiro e Xoán Curiel, entre outros e outras. A presentación do CD tivo lugar no X Festival Implícate.
- **X Festival Implícate:** Celebrouse no Teatro Principal de Santiago de Compostela o 11 de xaneiro. Contou coa colaboración de varias entidades, 41 artistas e 13 voluntarias. A asistencia foi de 379 persoas Ademais tivo unha ampla cobertura e visibilidade nos medios.

Durante o festival, Implicadas no Desenvolvemento gravou una peza audiovisual que se pode ver na canle de youtube da organización.

- **Encontro galego-támil de artistas.** No marco desta actividade, tivo lugar a visita de tres artistas tamiles:
 - Visita da poeta Thamizachi (08/04/2015 – 19/04/2015). A poeta deu charlas nas cidades de Vigo (no Centro de Documentación e Recursos Feministas do Concello de Vigo) e Compostela (na Librería Lila de Lilith), ás que asistiron arredor de corenta persoas. Ademais a poeta participou nun acto coa plataforma A Segra (“A lingua e a literatura como ferramenta de empoderamento feminista”) e noutro, na Biblioteca Centro Ágora da Coruña, en colaboración coa Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega. Por último, en Oleiros, tivo lugar un obradoiro de escritura no que participaron arredor de 100 estudantes de secundaria e seis escritoras galegas.
 - Visita o bailarín e activista LGTBI Annudhuran (31/05/2015 – 13/06/2015). O convidado ofreceu unha charla na Librería Andel (en Vigo) sobre “O activismo LGTBI: experiencias Norte e Sur”, organizada en colaboración coa Asociación Nós Mesmas e Amnistía Internacional. Ademais realizou un obradoiro e actuou. Nestas actividades participaron un total de 70 persoas.
 - Visita da dramaturga Mangai (11/09/2015 – 14/09/2015). Durante esta visita, incidíuse no papel do teatro como ferramenta de cambio social. Tivo lugar unha charla no Porriño, á que asistiron 25 persoas, e outra no Museo Provincial de Lugo, na que participaron 15.

2.3.2. II NOITE DE HUMOR IMPLICADO

O obxectivo desta actividade, máis alá da recadación de fondos, é o de fomentar a participación crítica e feminista da cidadanía na transformación das desigualdades entre Norte e Sur. O evento, celebrado a noite do sábado 11 de abril no local “Latuerka27”, na Coruña, foi presentado por Daniel Currás e contou coa participación altruísta de humoristas como José Erre, Soledad Felloza e Adelaida. Asistiron un total de 17 persoas.

2.3.3. IV Carreira solidaria: CORRE CON IMPLICADAS

A carreira solidaria tivo lugar o 2 de maio en Oleiros (A Coruña). Colaboraron como voluntarias máis de 20 persoas: xunto ás sete activistas de Implicadas, estiveron persoas voluntarias do INEF, Protección Civil, Policía Local de Oleiros e una médica. Respecto á participación, hai que destacar a participación de máis de 400 corredoras e corredores. En cadansúa categoría, tanto masculina coma feminina, fíxose entrega de 3 medallas: ouro, prata e bronce.

2.3.4. III Andaina Solidaria: DÁ O PASO

Esta xornada solidaria e deportiva ten como obxectivos difundir a misión de Implicadas, recadar fondos para os seus proxectos, descubrir paisaxes naturais –nesta ocasión no entorno dos Ancares- nun encontro solidario coa nosa contorna. Esta última andaina realizouse o 25 de outubro mais estivo acompañada por diversas actividades complementarias que se realizaron o día anterior: unha actividade de mindfulness e natureza e a proxección do documental “Cambia de papel”, con debate posterior entre as persoas asistentes.

- Para a realización deste evento contouse coa colaboración de dúas entidades: “Mindfulness y Naturaleza: Rutas Conscientes” e “Masaje Ayurvédico Piero Piga”.
- A xornada da andaina do día 25 contou con 40 participantes, mentres que nas actividades complementarias estiveron presentes entre 10 e 16 persoas.

2.3.5. CAMBIA DE PAPEL CON IMPLICADAS NA UDC

Este evento céntrase na celebración dunha xornada de coñecemento baixo o título: “Os grupos de axuda mutua (GAM): unha metodoloxía eficaz para a erradicación da pobreza”.

Con esta xornada, celebrada na Facultade de Dereito da UDC o día 30 de outubro, procurábanse os seguintes obxectivos:

- Aumentar o nivel de coñecemento da comunidade universitaria sobre as causas e raíces da pobreza.
- Aumentar o nivel de coñecemento entre a comunidade universitaria sobre o papel das mulleres en situacións de crise, dende o económico ao social e cultural, para facer visibles as súas múltiples funcións.
- Fomentar a participación en Implicadas, a través dos seus diferentes grupos activistas, da comunidade universitaria na diseminación da misión e valores da organización.

O programa da xornada incluíu os seguintes puntos:

- 10:00-10:15: Presentación de Implicadas no Desenvolvemento e PDI.
- 10:15-11:30: Introducción á metodoloxía GAM.
- 11:30-12:00: Aplicación da metodoloxía GAM en Támara Nadu e en particular por parte de PDI.

- 12:00-12:30: Pausa
- 12:30-13:30: Proxección e debate do documental *Cambia de papel*.
- 13:30-14:00: Preguntas e conclusións.

Para as charlas e posterior debate contouse coa presenza do Dr. I. Ambalavanan, de PDI, que se centrou en explicar os diferentes programas de Implicadas: Empoderamento de Mulleres en Tiruchy e Erradicación do Infanticidio feminino en Salem. Ademais, explicou detalladamente de forma concreta o papel dos GAM no traballo que realizan as dúas organizacións e deu exemplos concretos tanto do impacto económico como social e político desta metodoloxía.

Nesta primeira parte houbo participación do público en diversas ocasións. As persoas participantes interesáronse por temas diversos, dende as metodoloxías concretas de planificación dos GAM (por exemplo os mapas sociais e os rankings de riqueza) ata as posibilidades de aplicación deste enfoque en Galicia.

Tras o documental houbo de novo posibilidade de establecer un debate vizoso coas persoas asistentes, que se interesaron por cuestións coma o infanticidio feminino e deron pé para explicar polo miúdo os programas de Implicadas e as circunstancias en que traballa PDI.

Ao final da xornada fíxose entrega dunha copia do documental a tódalas persoas asistentes ao acto. Outros tantos foron depositados na Oficina de Cooperación e voluntariado para a súa distribución entre os departamentos da universidade interesados.

A copia e distribución do documental foi posible grazas ao apoio económico da UDC.

2.3.6. Proxeccións do documental *Cambia de Papel*

O grupo de voluntariado da Coruña organizou, pola súa banda, diversas proxeccións do documental, co obxectivo principal de fomentar a actitude crítica e feminista da cidadanía con respecto ás desigualdades Norte-Sur:

- Muimenta (Lugo) - 29 de novembro. Trala proxección levouse a cabo unha dinámica con contidos relacionados co documental para fomentar a participación das persoas asistentes. A actividade foi organizada en colaboración coa Asociación Cultural e Veciñal Aquilino Iglesias Alvariño e estaba destinada ao público en xeral. Ao evento asistiron 32 persoas de diferentes idades e recadouse un total de 182 euros, cifra moi superior á esperada.
- No IES Antonio Fraguas (Santiago de Compostela) - 14 de decembro. Trala proxección levouse a cabo unha dinámica con contidos relacionados co documental para fomentar a participación das persoas asistentes. A actividade, organizada en colaboración coa rede do barrio de Fontiñas e co IES Antonio Fraguas, estivo enmarcada na terceira edición do programa *A nosa vida... en positivo?*, que ten como obxectivo principal achegar iniciativas de bo trato á poboación xuvenil do barrio así como concienciar sobre as desigualdades de xénero que existen na nosa sociedade. Ao evento asistiron un total de 35 persoas, 30 alumnado de bacharelato e 5 profesionais dos Servizos Sociais do Concello de Santiago. Ademais, recadáronse 90 euros.

2.3.7. ESCOLA FEMINISTA

A Escola Feminista é concibida como un espazo de formación, debate e xeración dunha conciencia crítica aplicable ao traballo no eido da cooperación, o activismo feminista ou o día a día.

A IV Escola Feminista tivo lugar o 14 de novembro na sede da Fundación, en Vigo, e foi organizada por Implicadas en colaboración coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo. O tema central foi o papel e a responsabilidade que os medios de comunicación e culturais teñen na construción dun imaxinario colectivo que perpetua unha imaxe distorsionada, homoxénea e victimizada das mulleres do Sur, pero tamén das do Norte.

As principais actividades da IV Escola Feminista foron as conferencias “Mulleres nas Guerras de Oriente Próximo”, por parte de Nazanín Armanian, e “Pikara Magazine: Periodismo De-xenerado”, por parte de June Fernández, ademáis do “Obradoiro de Comunicación Feminista en Cooperación ao Desenvolvemento”, a cargo de María Reimóndez.

A escola contou coa asistencia de 18 mulleres e 4 homes.

2.3.8. Exposición Os TEUS OLLOS, AS MIÑAS MANS

A actividade ten como obxectivo principal o de dar a coñecer o labor de Implicadas e fomentar o respecto e a igualdade entre xéneros. A exposición levouse a cabo durante os meses de outubro e novembro no CPI Cabo da Area, de Laxe, e estímase que foi visitada por un número aproximado de 100 persoas. Coa venda de dúas das ilustracións foron recadados 100 €.

2.3.9. Participación no CULTURGAL 2015

Unha vez máis, tivo lugar a cita de Implicadas co Desenvolvemento co festival Culturgal, importante escaparate para a difusión da nosa organización que permite ademais establecer novos contactos con outras organización e reforzar os lazos xa establecidos con anterioridade. A edición de 2015 celebrouse no Pazo da Cultura de Pontevedra do 4 ao 6 de decembro.

COMUNICACIÓN

Nestes últimos anos levouse a cabo a reactivación da área de Comunicación, sistematizouse o seu funcionamento, coordinado por unha responsable, e acometéronse certas accións de comunicación de forma regular.

Durante este ano 2015 leváronse a cabo as accións marcadas na planificación anual: mantemento da lista de correo para comunicarse coa base asociativa, envío do boletín mensual que recolle as actividades realizadas por Implicadas no mes correspondente, celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, envío dos informes dos programas de cooperación na India, realización de sorteos entre a base asociativa e envío ao final de ano dunha carta para agradecer o apoio, a implicación e a fidelidade das socias.

- 1º comunicación (xaneiro). Anuncio da edición do CD Reactiv_arte, así como a celebración do X Implicáte no Teatro Principal de Compostela.
- 2º comunicación (febreiro). Informes anuais do programa de Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem e do programa de Empoderamento de mulleres en Tiruchy.
- 3º comunicación (marzo). Información sobre o sorteo entre a base asociativa de rifas para a cesta solidaria e anuncio da celebración da IV carreira solidaria (Corre con Implicadas) o 2 de maio para animar ás socias a participar.
- 4º comunicación (abril). Información da celebración da Asemblea Xeral e da Asemblea Extraordinaria de Implicadas o día 25.

- 5º Quinta comunicación (abril). Informacións máis concretas sobre a celebración das asembleas. Ademais: Memoria anual de actividades, Planificación anual e Planificación estratéxica 2015-2020.
- 6º comunicación (abril). Actas da Asemblea Xeral e da Asemblea Extraordinaria de Implicadas.
- 7º comunicación (xuño). Información sobre a visita do bailarín e activista Aniruddhan Vasudevan.
- 8º comunicación (setembro). Informe trimestral do Programa de Empoderamento de mulleres II en Tiruchy.
- 9º comunicación (outubro). Información sobre as actividades programadas para a fin de semana do 24 e 25 de outubro nas terras dos Ancares: *mindfulness* e natureza, andaina solidaria, proxección do documental “Cambia de Papel” e posterior debate con I. Ambalavanan, director de PDI, e María Reimóndez.
- 10º comunicación (decembro). Chamamento de axuda polas inundacións que estaba sufrindo Támara Nadu.
- 11º comunicación (decembro). Invitación a participar na I Parva Solidaria de Nadal de Implicadas.
- 12º comunicación (decembro). Valoración xeral do ano por parte da vicepresidenta de Implicadas, María Reimóndez, e agradecemento á base asociativa polo seu apoio e colaboración.

Durante o ano 2015, de acordo co marcado no obxectivo CO2 da PE 2015, as persoas socias, voluntarias e simpatizantes da organización continuaron tendo ao seu alcance a información sobre os programas e as actividades que realiza Implicadas tanto a través da páxina web como das redes sociais. Ademais mantívose o envío do boletín mensual, unha das principais ferramentas de comunicación de Implicadas. O boletín envíase o primeiro ou segundo venres de cada mes e inclúe a información principal de cada actividade, imaxes e referencias a outros medios propios, como posts na páxina web, publicacións nas redes sociais, álbumes de fotos ou documentos en liña, co obxectivo de que as persoas que reciben o boletín poidan afondar en cada unha das actividades e, por outra banda, coñezan tódolos medios de comunicación externa de Implicadas. As instrucións para a realización e envío deste boletín plasmáronse nun manual, no cal se explica o funcionamento da plataforma *Mailrelay* e os pasos para elaborar a información que debe conter cada envío mensual.

O Google Calendar de Implicadas continúa empregándose, entre outras cousas, para facilitarlle a localización da información á responsable de crear o boletín. Esta ferramenta posibilita unha xestión colaborativa de datas, tempos e prazos, ademais de permitir unha integración cos calendarios persoais ou profesionais de cada persoa voluntaria, co que se axilizan procesos e se facilita a organización individual do traballo. Calquera das persoas da directiva ou do voluntariado poden solicitar o acceso ao calendario, no que atopan toda a información relativa ás actividades da organización.

En canto á comunicación externa da organización, no 2015 continuamos elaborando notas e dossiers de prensa e celebrando roldas de prensa antes de cada actividade. Na actualidade, tratamos de ofrecerlles ás xornalistas a posibilidade de navegar polos diferentes medios de Implicadas e de ampliar a súa información, incluíndo en cada nota ou convocatoria de prensa ligazóns aos posts da nosa web ou achegando recursos como imaxes ou documentos.

No referente ás redes sociais, seguimos estando presentes e mantendo un diálogo constante e bidireccional. A finais de 2015, contabamos con aproximadamente 3.050 seareiras en Facebook máis de 1.530 en twitter. Con todo, constatamos que, de cara ao futuro, se fan necesarias accións estratéxicas que conduzan a unha maior participación e interacción das persoas usuarias, algo que queda de manifesto sobre todo despois da preparación da campaña SUMA, que Implicadas desenvolverá ao longo do vindeiro ano.

Para este ano 2015 tiñamos como obxectivo a creación de información propia, en concreto reportaxes, entrevistas, artigos de opinión e incluso material audiovisual propio, que finalmente se limitou ás imaxes e artigos para a páxina web e as redes sociais. Se ben a información que se lles envía aos medios de comunicación por parte da organización ten que ofrecer a posibilidade de que cada xornalista traballe sobre ela de xeito libre e autónomo, tamén queda de manifesto ao remate deste ano a necesidade de ofrecerlles algo máis, no futuro, tanto aos medios de comunicación coma ao resto dos públicos aos que nos diriximos.

A finais do 2015 comezáronse a desenvolver varias tarefas que quedan pendentes para o vindeiro ano e que dan continuidade aos dous obxectivos marcados como prioritarios xa na PE 2015, como son a reubicación dalgúns elementos da páxina web para mellorar o seu manexo, a actualización dos contactos de xornalistas e profesionais da comunicación, a sistematización do emprego de *Mailrelay* para os envíos de prensa ou o establecemento dunha estratexia de Social Media enfocada á creación, tal como tiñamos establecido, dunha comunidade firme e forte que nos permita chegar máis lonxe, reforzando o sentimento de pertenza a Implicadas entre as persoas que a integran e fomentando a súa participación.

4. BALANCE ECONÓMICO

INGRESOS	75.173,17 €
Base asociativa	25.884,16 €
Abono cotas	25.884,16 €
Doazóns	10.193,81 €
Particulares	8.697,58 €
Edicións xerais	1.356,23 €
Teaming	140,00 €
Actividades propias de Sensibilización	6.072,80 €
Implicate	3.571,00 €
Vanakkam	150,00 €
Deporte solidario	
Carreira Solidaria	810,80 €
Andaina Solidaria	1.020,00 €
Outros (Entradas, inscrición cursos...)	521,00 €
INGRESO VENDA MATERIAL	4.833,60 €
Merchandising Implicadas/comercio xusto/libros	1.488,60 €
Axendas	1.612,00 €
Cestas solidarias/rifas solidarias	1.063,00 €
Ilustracións	150,00 €
CD	520,00 €
DVD	30,00 €
Outros (trasporte venda online)	923,94 €
OUTROS INGRESOS	
Financiamento Pública EDUC para DESENVOLVEMENTO	28.188,80 €
Financiamento D. Xeral RREE e UE_Xunta de Galicia (REACTIV_ARTE)	17.895,00 €
Financiamento D. Xeral RREE e UE_Xunta de Galicia (SUMA)	9.998,80 €
Exposición Os meus ollos as túas mans	
Financiamento UVigo	295,00 €
Escola Feminista	295

GASTOS	72.056,74 €
Actividades propias de Sensibilización	4.369,55 €
Implicáte (2015)	162,75 €
Vanakkam	100,00 €
Escola Feminista	1.408,57 €
Axendas 2016	794,97 €
Carreira Solidaria	70,00 €
Andaina Solidaria	548,00 €
Outros	1.285,26 €
Compras Materiais Implicadas para venta	383,87 €
Productos Comercio Xusto	383,87 €
Prox de EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO	9.300,02 €
VISITAS	5.034,02 €
CD	2.020,00 €
OUTROS	2.246,00 €
Prox FORTALECEMENTO SUMA	3.518,39 €
DESEÑO	3.375,00 €
MATERIAL PROMOCIONAL	143,39 €
Prox de COOPERACIÓN INTERNACIONAL INDIA	29.045,00 €
Empoderamento de mulleres en Tiruchy WEP II	9.747,88 €
Erradicación do infanticidio feminino en Salem FIPP	8.266,77 €
Viaxe XD	1.200,00 €
Axudas ás inundación	749,00 €
Orzamento pendente de xustificación	9.081,35 €
GASTOS INDIRECTOS	22.034,00 €
Aluguer local	4.221,00 €
Suministros -agua e luz-	435,73 €
Comunicación-internet, teléfono, correos, fotocopias	1.081,32 €
Material de oficina	142,98 €
Nómina	9.304,35 €
Seguridade social + IRPF	3.858,66 €
Impostos, taxas e tributos	1.105,18 €
Comisións bancarias (Gastos financeiros)	308,32 €
Devolucións cotas socias	406,00 €
Gastos bancarios e IVE cotas	696,22 €
Desprazamentos	474,24 €
OUTROS GASTOS	3.405,91 €
Asesoría	1.258,40 €
Imprevistos (curso formación, dípticos)	1.034,65 €
Mensaxería	148,77 €
Outros (cota coordinadora, sermos, disco duro...)	964,09 €

5. CONCLUSIÓN

Esta memoria recolle o traballo realizado por IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO durante o ano 2015. Tras dezasete anos de traballo, a organización mantén con éxito grande parte das actividades de difusión e recadación postas en marcha durante os anos anteriores (eventos deportivos e culturais, mesas informativas), pero ademais segue a impulsar novas accións coas que apoiar o seu labor na cooperación ao desenvolvemento.

No que respecta aos proxectos apoiados por IMPLICADAS no Sur, que xa mostraran uns resultados moi positivos o ano anterior, seguen producíndose enormes avances. Os informes do proxecto de *Erradicación do infanticidio en Salem* demostran como se vai consolidando o apoio ás mulleres embarazadas e ás súas familias, ao tempo que se promove a mudanza de percepcións e comportamentos na comunidade (vid. 2.7.1). O programa segue avanzando de cara a acadar a sustentabilidade total nas intervencións. Pola súa banda, o proxecto de *Empoderamento de Mulleres en Tiruchy* (vid. 2.7.2), segue mantendo as súas actividades e cada vez máis mulleres de diferentes idades avanzan co apoio do programa cara a unha mellora da súa situación económica, educativa e sanitaria e a un maior coñecemento dos seus dereitos. O programa viuse este ano completado, ademais, polo *Módulo para a Emancipación Social e Participación Política das Mulleres* (2.7.3). Todos estes programas seguen adiante polo compromiso do persoal malia a retención, por parte do goberno central indio, de 8.000 euros cantidade que aínda non se ingresaron.

Os retos aos que se enfrenta calquera organización adicada á cooperación ao desenvolvemento están especialmente presentes actualmente. IMPLICADAS, en concreto, non puido cumprir tampouco este ano co seu obxectivo de aumentar o número de persoas asociadas; pola contra, contamos con catro persoas menos na base asociativa. No que respecta á base de activistas, hai que celebrar o mantemento dos grupos existentes durante o ano anterior e a reactivación do grupo en Compostela. No entanto, hai que seguir avanzando para que estes grupos, aínda moi reducidos, consigan acadar un nivel óptimo de actividade.

Debido á diminución de fondos, foron presentados, con éxito, varios proxectos a diferentes convocatorias públicas, tanto do goberno galego coma das universidades. Con todo, IMPLICADAS segue aspirando á total autosuficiencia e autoxestión.

Como cada ano, queremos lembrar aquí que tódalas actividades realizadas foron froito do traballo desinteresado das persoas voluntarias que día a día fan posible que os principios que moven a organización cheguen tanto aos países do sur coma á sociedade galega.

Así mesmo queremos agradecerlles ás nosas socias e socios que fagan posible os nosos proxectos coas súas achegas económicas.

Mención especial merecen tamén as persoas e entidades colaboradoras que, dende distintos ámbitos da cultura e da sociedade galega, supoñen para IMPLICADAS un incondicional e desinteresado apoio sen o cal moitas das nosas actividades non serían posibles.

E, por último, queremos facer constar a nosa gratitude á cidadanía galega por acompañarnos neste proxecto de facer cooperación dende Galicia e como galegas.